

COMITÉ DE APELACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Recurso de Apelación: 1/2026

Solicitante: Club As choqueiras de Redondela.

RESOLUCIÓN

Visto o recurso de apelación presentado polo Club Balonmán as Choqueiras de Redondela , en data 12/02/2026, no que solicita a revogación dunha resolución de sanción imposta polo Comité Territorial de Competición reducindo a sanción; pedindo asemade a asunción de medidas cautelares en canto non recaía resolución.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, acorda entre outras medidas disciplinarias, na Acta nº 2526/21 acorda sancionar a o oficial Adrian Darroza Rubín, con 1 mes de suspensión.

SEGUNDO.- Sanción que ven de ser recorrida polo club mediante recurso, presentado en tempo e forma.

A salvo do fondo do asunto solicitan a suspensión do cumprimento da sanción como medida cautelar, motivo da presente resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Proba en contra da resolución recorrida. Validez da acta arbitral.

As Actas e contido das mesmas veñen regulados polos artigos 179 e 180 do Regulamento de Partidos e Competicións da Federación Española de Balonmán:

“os árbitros consignarán nas actas someramente, pero con absoluta claridade cantos incidentes ocorran durante o partido e con relación a o seu desenvolvemento, especialmente os casos de faltas contra a autoridade arbitral, agresións ou ofensas entre ou contra os xogadores/as, determinacións adoptadas, descontos de tempo e prórrogas, etc., refirindo os feitos pero absténdose de calificalos”

“A acta do partido, e no seu caso o anexo da acta redactado polos árbitros, constitúen unha das bases fundamentais e medio documental necesario para as decisións que haxa de adoptar o Comité de Competición. As declaracións dos árbitros e delegados federativos, que se formulen por escrito, presumense certas, salvo error materialmente manifesto ou probado po los órganos competentes.”

Dito isto entendemos que o Comité de Competición debe dar credibilidade total ó que nela se recolle e a sanción se deriva de que ésta recolle unha desconsideración.

Así o segundo motivo do recurso non pode acollerse xa que non existe unha falta de proba, é proba suficiente a Acta do encontro, de feito as declaracións xuradas do sancionado e outros membros do clube sancionado e polo tanto non independentes non son proba de descargo suficiente para anular o contido da acta, o cal se lle presume veracidade total.

SEGUNDO.- Correcta aplicación da normativa.

O RRDG non é una norma derogada, nin expresa nin tácitamente. De feito é a única norma aplicable para esta competición, non existe suxección ao regulamento disciplinario de outras competicións.

Non se trata dunha cuestión de xerarquía normativa, nin da ley do deporte nacional, nin moito menos do regulamento de outra competición, de ámbito nacional ou doutra rexión, mesmo galega pero doutra categoría se tivese reglamento propio.

Non se infrinxe ningunha norma superior, decide o clube porque lle beneficia que podería aplicarse o Regulamento (norma de mesmo rango) doutra competición distinta e con distinto ámbito territorial. Pero non é unha norma superior, non se trata dunha directiva europea a transpoñer en España, non se trata dunha norma de mínimos a nivel nacional, non se pode acoller este criterio.

Ademáis, ese tipo de norma únicamente supliría a norma específica desta competición en todo aquilo que non estivese regulada, en ningún caso con prevalencia.

O artigo 1 do RRDG é claro e debe leerse en conxunto co artigo 3 e o 5, a Federación Galega de Balonmán impón disciplina tipificada únicamente neste Regulamento e nas actividades e competicións autonómicas ou do seu ámbito territorial.

TERCEIRO.-Modulación da sanción.

O Comité de Competición valora conforme a súa sana crítica a entidade da infracción modulando a sanción de xeito xustificado baseándose na acta arbitral. Neste caso impuxo a pena mínima de 1 mes, puidendo subila ate 6 e non incluiu sanción económica pese a recollese expresamente no artigo 39 do RRDG.

É una infracción grave e por calificación non ten a posibilidade de ser sancionada con apercibimento.

O arrepentimento é tido en conta pero non se pode minorar por debaixo dos mínimos.

Por todo o exposto, este Comité de Apelación, reunido ao efecto

RESOLVE

DESESTIMAR o recurso interposto polo club Balonmán As Choueiras en represenación ddo oficial de Peixas e mariscos Rodrigo Villas As Choqieras don Adrián Darroza Rubín contra a Resolución 2526/2026 do Comité Territorial de Competición que acorda a súa sanción, CONFIRMANDO a devandita resolución na súa totalidade.

Non habendo acollido a aplicación da cautelar, non é preciso o seu levantamento.

Esta resolución esgota o trámite federativo, contra a mesma cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 15 días hábiles, dende a súa notificación.

Comuníquese aos interesados.

Vigo, 23 de febreiro de 2026
A Presidenta do Comité de Apelación
Asdo. Laura González Solla